

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo *DECRETO 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia*, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da *Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia*.

Doutra parte, Don Luis Eusebio Fidalgo Álvarez, presidente da Federación Galega de Caza, proclamado pola Xunta Electoral como presidente electo da Federación Galega de Caza con data 01-12-2022, en virtude do establecido no art. 39.10 do *DECRETO 16/2018, do 15 de febreiro, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas*, e ratificado mediante certificación do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia con data 4-1-2023.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de caza segundo os artigos 27.30, 30, 1.3 e 33.1 do Estatuto de Autonomía aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, en consonancia co artigo 149.1.23 da Constitución Española.



Esta competencia foi transferida polos Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983 do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.

En concordancia con isto, a Lei Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, avoga polo exercicio dunha caza máis responsable, máis sustentable e máis ética. Especial empeño pon a lei en que a caza se realice en condicións de máxima seguridade para as persoas e os bens. A esixencia de boas prácticas na caza, que aseguren unha caza sen sobresaltos, pasa de ser unha simple recomendación a se converter nunha exixencia formal da lei.

As competencias e funcións en materia de caza corresponden actualmente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante, CMATV), de conformidade co disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

SEGUNDO. Que a Federación Galega de Caza foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola *Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia* e cumpre todos os requisitos establecidos no art.10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* para obter a condición de beneficiario.

A Federación Galega de Caza é a entidade máis representativa dos cazadores galegos, organízase en base os catro Comités Provinciais e intégrase co conxunto das federacións rexionais na Federación Española de Caza.



De acordo co establecido nos seus Estatutos (aprobados mediante Asemblea Xeral do 25-6-2021, e ratificados por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de data 30-09-2021), a Federación Galega de Caza é o único organismo que agrupa con carácter obrigatorio aos deportistas profesionais ou afeccionados, xuíces e árbitros, técnicos, ás sociedades ou asociacións, clubs, agrupacións e seccións deportivas, dedicadas á práctica do deporte da caza ou actividades que con ela se relacionen, asumindo, de acordo coas disposicións legais vixentes, a dirección técnico-deportiva das actividades cinexéticas nos seus aspectos deportivos en xeral.

Así mesmo, a Federación Galega de Caza está declarada de utilizade pública e baixo a tutela da Administración deportiva, de conformidade coa *Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte* e coa *Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación* e comportará os efectos establecidos nas mesmas exercerá en réxime de exclusividade, entre outras funcións públicas delegadas, a promoción e a divulgación do deporte da caza en tódalas súas facetas, e a orientación dos deportistas á práctica do deporte da caza, mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.

A Federación é a representante da Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fora do territorio español.

A Federación Galega de Caza ven colaborando e participando activamente, mediante a instrumentalización de distintos convenios subscritos, na propensión cara a unha caza mais ética e responsable, a sustentabilidade da caza en harmonía co medio natural en que se desenvolve, a mellora da calidade dos instrumentos de ordenación como a mellor garantía da sustentabilidade e a seguridade na actividade cinexética, cun balance de resultados óptimos que motivan, na converxencia de intereses e dentro dun marco de colaboración, a necesidade da celebración deste convenio.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMATV e a Federación Galega de Caza, dentro do marco de colaboración xa existente entre ámbolos dous organismos, establecen o presente convenio con acordo as seguintes

CLÁUSULAS



PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMATV e a Federación Galega de Caza para o fomento da actividade cinexética sustentable no ámbito da comunidade autónoma de Galicia a través da organización de actividades para a promoción e divulgación nesta materia.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

A Federación Galega de Caza comprométese ao seguinte:

I. A organización das actividades que se relacionan no anexo que se acompaña a este convenio, así como a súa divulgación.

II. A elaboración das memorias e informes sobre o estado e cumprimento das actividades sinaladas no anexo deste convenio, así como daquelas outras actividades relacionadas que contribúan á consecución dos obxectivos deste convenio, que sexan requiridos pola CMATV.

III. A proposta e colaboración coa CMATV na realización de accións conxuntas encamiñadas a potenciar e difundir a protección da fauna cinexética e do medio natural, así como do seu aproveitamento sustentable; promoción coa divulgación e fomento dos valores medioambientais asociados a práctica de caza, tales como o coidado e respecto á natureza.

IV. Facer figurar expresamente en tódolos anuncios e documentos que se elaboren e teñan relación coas distintas actividades, a colaboración da CMATV.

V. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecida para a súa concesión.

VI. Facilitar toda a información que se lle sexa requirida pola CMATV en relación coa xustificación do convenio, así coma pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.



VII. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas, nin entregadas ou cedida para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMATV.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CMATV

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

- I. Deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a potenciar, difundir e mellorar a actividade cinexética.
- II. Financiar as actividades contempladas no convenio.

CUARTA- FINANCIAMENTO.

A CMATV achegará dentro do exercicio 2023, unha contía de vinte e cinco mil euros (25.000 €), con cargo á partida orzamentaria 08.03.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

QUINTA- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

Será de aplicación o disposto na *Lei 9/2007, do 13 de xuño* e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a Federación Galega de Caza, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a CMATV a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



d) Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a Federación Galega de Caza asume como beneficiario as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, unha vez rematadas as actuacións deberá ser xustificado perante a CMATV o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, responda á natureza das actividades subvencionables e se realicen dende o 1 de maio de 2023 ata o 31 de outubro de 2023. A tales efectos antes do 15 de novembro de 2023 a Federación Galega de Caza achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos. Os pagamentos, xustificacións dos gastos e pagamentos axustaranse ao disposto no *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño*.
- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto do presente acordo.
- Comunicar á CMATV, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio. De acordo co artigo 28.6 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.



- Reintegrar á CMATV, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes que serán designados por ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións do presente Convenio.

Esta Comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes.

A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

SÉTIMA- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2023.

OITAVA- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

NOVENA- CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase por mutuo acordo das partes ou polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, así como polas demais causas de extinción previstas no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE



O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, correspondéndolle á CMATV o exercicio das potestades administrativas para resolver as cuestións que xurdan sobre a interpretación e cumprimento do convenio.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na *Lei 9/2007, do 13 de xuño* e no seu Regulamento de desenvolvemento.

UNDÉCIMA. - PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da *Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG n° 30 do 15 de febreiro)* e o *Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG n° 149 do 3 de agosto)*.

DÉCIMO SEGUNDA. - RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMATV de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

O presidente da Federación
Galega de Caza

Ángeles Vázquez Mejuto

Luis Eusebio Fidalgo Álvarez

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA , PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E DE FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA

Cursos de "Formación de responsables de sociedades de caza: xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza" e de "Prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética: seguridade na caza e primeiros auxilios", así como a primeira edición de "Enfermidades da fauna cinexética, saúde alimentaria e xestión dos residuos: manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles", a través do campus virtual da Escola de Caza.

ACTIVIDADE I: CURSOS E XORNADAS FORMATIVAS

ORZAMENTO FORMACIÓN: 15.000 €



Cursos incluídos:

1. FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA.

Curso de Formación de responsables de sociedades de caza: xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.

Obxectivo: Formar aos responsables e xestores das asociacións de caza na xestión interna e administrativa á que deben facer fronte no seu día a día.

Destinatarios: Directivos de sociedades de caza, administrativos, técnicos cinexéticos e cazadores en xeral.

Lugar: Campus virtual da Escola de Caza.

Celebración: Entre os meses de maio e outubro.

Horas: 1 mes (30 horas lectivas).

2. PREVENCIÓN DA SINISTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA.

Curso de Prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética: seguridade na caza e primeiros auxilios.

Obxectivo: Formar ás persoas responsables de cazaría e cazadoras en xeral na prevención e seguridade durante o desenvolvemento das cazarías colectivas, desde o inicio ata a súa finalización, e instruílas nos primeiros auxilios para que, de darse o caso, poidan auxiliar a un compañeiro/a ou a unha persoa enferma ou lesionada.

Destinatarios: Responsables de cazaría, cazadores de caza maior, gardería, cazadores en xeral.

Lugar: Campus virtual da Escola de Caza.

Celebración: Entre os meses de maio e outubro.

Horas: 1 mes (30 horas lectivas)



3. ENFERMIDADES DA FAUNA CINEXÉTICA, SAÚDE ALIMENTARIA E XESTIÓN DOS RESIDUOS.

Curso de Manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles.

Obxectivo: Formar ás persoas cazadoras nas enfermidades máis comúns que sofren as especies cinexéticas e na manipulación da carne de caza para un consumo seguro, así como na xestión dos residuos non comestibles xerados pola propia caza.

Destinatarios: Cazadores en xeral, responsables de cazaría, gardería, directivos de sociedades de caza.

Lugar: Campus virtual da Escola de Caza.

Celebración: Entre os meses de maio e outubro.

Horas: 10 días (10 horas lectivas).

ACTIVIDADE II: CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN

ORZAMENTO CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN: 10.000 €

1. CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA:

Nos días previos á apertura da tempada hábil de caza menor a FGC emitirá na TVG un spot publicitario facendo un chamamento á prudencia para unha caza segura (spot que tamén se difundirá a través das diferentes canles de comunicación federativa: Facebook, Twitter, Instagram, YouTube), e repartirá a través da "Campaña de divulgación e fomento da actividade cinexética", roupa e outros artigos divulgativos serigrafiados co logotipo da Consellería de MATV e da FGC, entroutro, o seguinte material divulgativo:

CANTDADE	MATERIAL	IMPORTE
1500	Viceras de visibilidade cor laranxa (seguridade)	5.182,56
1000	Chalecos de visibilidade cor laranxa (seguridade)	2.081,20
1000	Lanyards de cor laranxa	774,40
1000	Bolígrafos de cor laranxa	363,00
1000	Libros de seguridade na caza	0,00
3	Spot TVG de 20" na TVG	1.098,84
1	Gabinete de comunicación: difusión das campañas de divulgación e fomento da actividade cinexética	500,00





A distribución do material divulgativo, ata que se esgote, realizarase nas diferentes actividades nas que participe a FGC (feiras, xornadas cinexéticas, culturais, deportivas, etc.), así como a través das sociedades de caza e tamén por ventanilla en calquera das sedes federativas.

